

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2008**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Excusa a súa asistencia:

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as once de vintetrés de decembro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

**A) PROPOSTA DA ALCALDÍA, INTERESANDO
MODIFICACIÓNS PUNTAIS NO
REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA
ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE XOVE.
APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE
ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe íntegramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO o requirimento efectuado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia interesando a modificación do Regulamento Municipal de funcionamento da Escola Infantil do Concello de Xove co obxecto de adaptalo ás disposicións contidas no Decreto 143/2007, do 31 de xullo.

VISTA a proposta de modificación remitida por esta Alcaldía á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia co obxecto de obte-la conformidade previa.

Pola presente propono ó Concello Pleno a aprobación das seguintes:

**MODIFICACIÓNS NO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL
DO CONCELLO DE XOVE**

“ 1^a.- No Art. 1.- Inclúense os datos identificativos do centro:

Definición do centro: A Escola Infantil do Concello de Xove defínese como equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que ten por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral dos/das nenos/as, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia á vez que facilita o acceso dos pais/nais ao mundo laboral.

Datos identificativos:

- Enderezo: Avda. Da Diputación, nº 42. Xove.
- Tlfno: 982 59 24 45
- Fax: 982 59 21 54
- Responsable: Concepción Ben Fraga

- Titularidade: A Escola Infantil é de titularidade municipal, con nº de inscrición no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais: F-00294-C-001.
- Representante legal: Demetrio Salgueiro Rapa
- Data do permiso de inicio de actividades: 24/09/07
- Tipo de xestión: Directa

2ª.- Modifícase o encabezamento do artigo 21 do Regulamento, que quedará redactado como segue:

“ Artigo 21.- NORMAS DE SAÚDE, SEGURIDADE, HIXIENE E NUTRICIÓN”

3ª.- Engádesse no artigo 21 do Regulamento os puntos que seguen:

O persoal da Escola Infantil de Xove someterase a un recoñecemento médico con periodicidade anual no que se acreditará que non padece enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións.

Igualmente deberá acreditar coñecementos básicos de primeiros auxilios e deberá estar en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente.

Ademais o centro conta cun Plan de evacuación para casos de emerxencia; Póliza de accidentes e póliza de responsabilidade civil; Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias; Proxecto Educativo a disposición dos pais/nais e Libro de rexistro de usuarios.”

Enterado, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Alvarez, Meitin Guerreiro, Ben Fernández e Fernández Bouza, e coa abstención dos Sres. Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, acorda aprobar inicialmente a modificación do regulamento de funcionamento da Escola Infantil do Concello de Xove nos termos reflectidos na proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, e somete-lo presente acordo ó tramite de información pública por prazo de 30 días contados a partir do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia; no suposto de non presentación de alegacións ou reclamacións contra o presente acordo de aprobación inicial, o mesmo entenderase definitivo, procedéndose á publicación do texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia, os efectos da súa entrada en vigor.

B) ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2009. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame aprobado pola Comisión Informativa de Contas, na súa sesión de data 19 de decembro de 2008, que a seguir se transcribe integramente:

“1º.- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2009. APROBACIÓN INICIAL. DICTAME.-

Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente, en relación coa proposta de inversións presentada polo Grupo Municipal do BNG para a súa incorporación ó proxecto de orzamentos, fánse as seguintes consideracións:

- a) En relación coa proposta da obra da urbanización integral da rúa de Acceso ó Apeadero, tal e como se manifestou na xuntanza da Xunta de Portavoces, considerase que técnicamente é mellor deixala fora do Plan de Inversións á espera da formalización do convenio previsto coa Consellería de Vivenda no que se determinará tanto a aportación financeira da Consellería como, se é o caso, a aportación de fondos municipais.*

b) En relación coa proposta da Urbanización integral da prolongación da rúa Camiño Real, compre sinalar que por motivos legais, en tanto en canto non sexa aprobado o Plan Xeral, soamente podería executarse un tramo de dita obra, concretamente ata as vivendas sociais da rúa Os Chozos; engadindo que dita obra tería un encaixe idóneo na proposta de obras a executar con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local, e na súa consecuencia, tal e como sinala expresamente o Real Decreto Lei 9/2008 de 28 de novembro, a mesma non podería incluírse no Plan de Inversións.

c) En relación coa proposta de habilitar unha partida para o sostemento da Orquesta de Cámara de Xove, polo Sr. Alcalde manifestase que non é certo que o actual Grupo de Goberno teña abandonada dita orquesta, todo o contrario, xa que desde a toma de posesión do actual Grupo de Goberno, fixéronse e adoptáronse tódalas medidas para garantir o funcionamento, tanto da escola de música como da Orquesta.

Non obstante, en cumprimento do disposto na lexislación vixente, e tal e como de xeito reiterado viñan advirtindo tanto o Secretario como a Interventora Municipais, resulta absolutamente obrigado por imperativo legal, dar unha solución inmediata os problemas de carácter legal que supoñía e supón a existencia dunha orquesta cuia financiación escapaba ó preceptivo control de legalidade e de fiscalización que conleva a aplicación de fondos públicos.

Na actualidade estase á espera de que a Diputación Provincial adopte, se é o caso, o preceptivo acordo de creación dunha fundación na que por suposto participaría o Concello de Xove, todo elo, sin prexuício de que por esta Alcaldía ó igual que os funcionarios municipais anteriormente citados sigan considerando que a fórmula mais viable, legal e práctica para garanti-la permanencia e funcionamento da Orquesta sería a creación dunha asociación cultural con esa finalidade.

Polo Sr. Fernández Bouza, interesase do equipo de Goberno que determine con maior precisión o destino das cantidades consignadas xenéricamente para saneamentos e asfaltados.

Polo Sr. Alcalde respóndase que no que se refire á partida de saneamentos, dita concrección podería facerse unha vez elaborado, ven sexa por Augas de Galicia ou por unha empresa cualificada, o correspondente proxecto de saneamento íntegral do Concello de Xove, e no que se refire á partida de asfaltados, polo Sr. Alcalde manifestase que Xove ten unha rede de viais de titularidade municipal, superior ós 600 Km., e que dita partida financiará as obras que ó longo do exercicio sexa necesario executar para manter dita rede nunhas axeitadas condicións de uso.

Rematado o debate a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Alvarez e Meitín Guerreiro, acorda informar favorablemente o Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2009 e propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2009, que presenta o resumo seguinte:

I.- PRESUPOSTO ECONOMICO DE INGRESOS

A).- OPERACIÓNS CORRENTES.

Cap.1.	Impostos Directos	3.526.700,00 €
Cap.2.	Impostos Indirectos	150.000,00€
Cap.3.	Tasas e outros ingresos	1.362.845,00€
Cap.4.	Transferencias Correntes	1.106.020,00€

Cap.5.	Ingresos Patrimoniais	160.960,00€
--------	-----------------------	-------------

B).- OPERACIÓNS DE CAPITAL.

Cap.6	Enaxenación de inversións reais	0,00€
Cap.7	Transferencias de capital	0,00€
Cap.8	Activos financeiros	2.000,00€
Cap.9	Pasivos financeiros	0,00€
	TOTAL INGRESOS	6.308.525,00€

II.- PRESUPUESTO ECONÓMICO DE GASTOS

A).- OPERACIÓNS CORRENTES.

Cap.1	Gastos de Persoal	2.547.070,00€
Cap.2	Gastos en bens correntes e servicios	2.536.080,00€
Cap.3	Gastos financeiros	11.000,00€
Cap.4	Transferencias correntes	364.600,00€

B).- OPERACIÓNS DE CAPITAL.

Cap.6	Inversións Reais	678.125,00€
Cap.7	Transferencias de capital	3.000,00€
Cap.8	Activos financeiros	2.000,00€
Cap.9	Pasivos financeiros	166.650,00€
	TOTAL GASTOS	6.308.525,00€

SEGUNDO: Aproba-lo Cadro de Personal obrante no expediente.

TERCEIRO: Aproba-la Bases de Execución incorporadas ó documento orzamentario.

CUARTO: Que o Orzamento Municipal unha vez aprobado inicialmente, se é o caso, polo Concello Pleno se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se insertará no Taboleiro Municipal de Anuncios e se publicará no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións.

Dito acordo de aprobación inicial entenderase definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o trámite de información pública, entrando en vigor no exercicio a que se refire unha vez cumprimentado o disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Os Srs. Vazquez Fra, Fernández Bouza e Ben Fernández manifestan a súa abstención anunciando que se pronunciaran no pleno.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que ademais das explicación ofrecidas na Comisión Informativa e na Xunta de Portavoces, compre salientar o esforzo realizado tanto pola Alcaldía como

pola Interventora Municipal para a elaboración dun presuposto no que se reflicten dun xeito sumamente detallado o destino dos fondos municipais.

Respecto ó escrito de suxerencias presentado polo portavoz do BNG, polo Sr. Alcalde reiterase que o grupo de goberno tamén considera prioritarias as obras da rúa de acceso ó Apeadero, e de prolongación do Camiño Real, pero segue considerando igualmente que a execución de ditas obras ten mellor encaixe no convenio previsto a formalizar coa Consellería de Vivenda no caso da Rúa de Acceso ó Apeadero, e a obra de prolongación do Camiño Real, no tramo que co planeamento vixente se pode executar, e incluírase na solicitude de obras a financiar con cargo ó Fondo Estatal de Inversións Locais.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o grupo de AVEXO fixo un estudio exhaustivo do orzamento, considerando que o mesmo ven a a segui-la liña marcada polos orzamentos do anterior Grupo de Goberno, aínda que no presente orzamento apreciase unha escasa contía de inversións nalgunhas parroquias, cuestión que espera sexa solucionada ó longo do exercicio a través das oportunas modificación de crédito.

Conclúe a súa intervención o Sr. Vázquez Fra, manifestando que o seu grupo vai votar a favor da aprobación deste orzamento.

Polo Sr. Alcalde agrádese o voto favorable do grupo de AVEXO engadindo que o Plan de Inversións Previsto no mesmo reflicte que máis do 80% das inversión, executaríanse nas diferentes parroquias do Concello.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que o Sr. Alcalde ten elaborado un orzamento absolutamente continuista, que en nada se diferencia dos que en anos anteriores presentaba o anterior Alcalde, sen que se aprecie cambio ningún na política orzamentaria deste Grupo de Goberno respecto do anterior.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o seu Grupo segue considerando que a obra da urbanización do acceso o Apeadero, e a obra de prolongación do Camiño Real, son obras absolutamente prioritarias, e que para garanti-la súa execución durante o ano 2009, deberían financiarse con fondos municipais.

Polo Sr. Fernández Bouza remátase a súa intervención sinalando que a considerable cantidade de diñeiro que se consigna nunha partida tan xenérica a de asfaltados, é un autentico caixón de sastre, que parece establecerse con fins unicamente electorais.

Polo Sr. Alcalde respostase que están perfectamente determinadas as obras que se van a executar con cargo a esa partida, reiterando que as obras do Acceso ó Apeadero e de prolongación do Camiño Real executaríanse no ano 2009.

Polo Sr. González Alvarez manifestase que a partida destinada a asfaltados e acondicionamento de viais, en absoluto pode considerarse excesiva, xa que tendo en conta que a rede de camiños de titularidade municipal e de mais de 600 km., o que se consigna non supera os 200 €/Km.; cantidade mínima, que na súa opinión ten que estar prevista para mante-la rede de camiños municipais nunhas mínimas condicións de uso.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que o presente orzamento non presenta novidade significativa ningunha, sendo continuista dos anteriores, sen que estea previsto a execución de obras esenciais para o Concello, como pode ser o saneamento integral de tódalas parroquias do Concello.

Polo Sr. Alcalde contestase que no suposto de que Augas de Galicia non asuma o compromiso de redacta-lo proxecto de saneamento íntegral do Concello de Xove nos primeiros meses de 2009, o grupo de Goberno encargará a redacción de dito proxecto a unha consultora cualificada para elo.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Alvarez, Meitin Guerreiro, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aproba-lo dictame da Comisión Informativa de Contas de 19 de decembro de 2008, anteriormente transcrito.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo